



Elabora unha composición sobre o sistema político da Restauración na que expliques as vantaxes e inconvintes da quenda dinástica e do clientelismo político. Usa na túa argumentación os datos dos documentos que xuntamos para responder correctamente ás seguintes cuestións:

1. Os alicerces do sistema canovista: a quenda pacífica dos partidos dinásticos, o falseamento sistemático das eleccións e o clientelismo político.
2. As características da Constitución de 1876, comparándoa coas anteriores.
3. As consecuencias políticas positivas e negativas deste sistema político.
4. A evolución das forzas políticas excluídas da quenda dinástica durante a Restauración: carlistas, republicanos, rexionalistas e nacionalistas. O Galeguismo.

Docto. 1: Discurso pronunciado por D. Antonio CÁNOVAS DEL CASTILLO no Ateneo de Madrid en 1871 [tradución do orixinal publicado en castelán].

“A democracia individualista paréceme un delirio ridículo. O seu sufraxio universal, e o comunismo ou socialismo, significan para min unha cousa mesma con distintos nomes. O sufraxio universal e a propiedade son antitéticos, e non vivirán xuntos, porque non é posible, moito tempo.

Permitídemme deducir de todo isto agora unha consecuencia ben lóxica, aínda que vos pareza a primeira vista temeraria; e é que o que se cualifica como doutrinarismo, que é principalmente o soste no sufraxio o censo, debe chamarse ciencia real e única da política, xustamente oposta ao gran error do comunismo e aos fráxiles sofismas da democracia individualista. O sufraxio universal será sempre unha farsa, un engano ás multitude, levado a cabo pola malicia ou a violencia dos menos, dos privilexiados da herdanza e o capital, co nome de clases directoras, ou será, en estado libre, e obrando con plena independencia e conciencia, comunismo fatal e irresistible. Escóllase, pois, entre a fascinación permanente do sufraxio universal ou a súa supresión, se non se quere ter que elixir entre a súa existencia e a desaparición da propiedade e o capital”.

Docto. 2: Constitución de 1876.

Art. 11. La religión Católica, Apostólica, Romana, es la del Estado. La Nación se obliga a mantener el culto y sus ministros. Nadie será molestado en territorio español por sus opiniones religiosas, ni por el ejercicio de su respectivo culto, salvo el respeto debido a la moral cristiana. No se permitirán, sin embargo, otras ceremonias ni manifestaciones públicas que las de la religión del Estado.

Art. 13. Todo español tiene derecho de: emitir libremente sus ideas y opiniones, ya de palabra, ya por escrito, valiéndose de la imprenta o de otro procedimiento semejante, sin sujeción a la censura previa; reunirse pacíficamente; asociarse para los fines de la vida humana; dirigir peticiones individual o colectivamente al Rey, a las Cortes y a las autoridades; El derecho de petición no podrá ejercerse por ninguna clase de fuerza armada; Tampoco podrán ejercerlo individualmente los que formen parte de una fuerza armada, sino con arreglo a las leyes de su instituto, en cuanto tenga relación con éste.

Art. 18. La potestad de hacer las leyes reside en las Cortes con el Rey.

Art. 50. La potestad de hacer ejecutar las leyes reside en el Rey.

Docto. 3: Afirmación de Práxedes Mateo Sagasta recollida en Sánchez Marroyo, 1979, *Sindicalismo agrario y movimiento obrero*, Cáceres, 1906-1924, cita da pax. 4).

“En los países poco ilustrados donde domina el proletariado, el sufragio universal pudo ser una vergüenza, un escandaloso mercado repugnante, pero en realidad nunca ha sido un peligro”.

Docto. 4: extraído de Valentín Almirall, *España tal como é* (1889).

En España as eleccións son unha farsa en toda a súa crueza, unha farsa completa, especial exclusiva ... O mesmo se o sufraxio é universal que restrinxido, nunca hai máis que un só e único elector: o ministro de Gobernación ... Para facer as listas de electores colócanse nelas algúns nomes verdadeiros perdidos entre

unha multitude de imaxinarios, e sobre todo de defuntos. A representacións destes últimos, dáse case sempre a axentes disfrazados de paisano para ir votar ... Todo o mundo coñece as fraudes e usan delas todos os partidos”.

Docto. 5: "El estado de la población rural" (artigo de V. Lamas Carvajal en *Heraldo Gallego*, 5-III-1880).

“... El pueblo gallego carece de verdadera representación en las Cortes porque no puede emitir su veredicto con libertad y las opiniones políticas de los diputados gallegos son siempre idénticas a las del poder... Solo cuenta la voluntad de alcaldes y caciques que conducen al colegio electoral como un rebaño de borregos a los que ejercen el derecho de sufragio... Estas personas influyentes se valen de todos los medios para esclavizar a su pueblo: préstamos a rédito escandaloso, cereal adelantado para la siembra que luego se cobra recuperado y ya se creen con derecho a imponerse en la conciencia campesina”.

Docto. 6: extraído do artigo de Lois Peña Novo titulado “Falando para todos”, *A Nosa Terra* (30-3-1918).

“... Acabades de ollar co exemplo das derradeiras eleccións que en Galicia non gobernan as Cortes, nin o Estado nin as autoridades... Gobernan, na Coruña García Prieto e Gasset, en Pontevedra o marqués de Riestra, en Ourense Bugallal, en Lugo e no resto de Galicia enteira o señor González Besada, presidente honorario desta compañía de caciques”.

Docto 7: Reelaboración a partir de RISCO, V., [1930], 1981, "El problema político de Galicia", Obra completa, Akal Ed., Madrid, paxs.: 148-151, 159-162, 187-188 e 196.

“Galicia é un país de poboación rural e de economía agraria pola a distribución do hábitat e polos medios de vida... A política faise en Galicia exclusivamente nas cidades sen ter en conta á clase produtora ... Labregos son tamén a maioría dos mariñeiros galegos que alternan o coidado do campo coa navegación e coa pesca, substituídos nas faenas agrícolas polas mulleres... Individuos doutra clase social que son os que desempeñan os cargos de elección popular nas vilas e nas cidades e a miúdo teñen un interese oposto ao da maioría da poboación... Creáronse en Galicia dúas castes de organismos político-administrativos artificiais e enteiramente inadaptados á realidade social galega: as deputacións provinciais e os concellos rurais ... Como non responden a ningunha realidade, móvense entre a indiferencia do pobo e só van a eles os que arelan mandar e facer carreira na Política; é decir, os caciques e os seus mandatarios... O cacique depende principalmente do Ministerio da Gobernación... O caciquismo é o froito da organización centralista: unha árbore invertida que tendo as súas raíces na burocracia central, estende as súas ponlas por todo o país... Ningún partido caciquil se move en Galicia se non é coa anuencia do Goberno ... Galicia está gobernada por una vasta organización caciquil disposta e dirixida desde Madrid ...”.

II. Analiza a seguinte imaxe e explica que están realizando as persoas que aparecen na imaxe e por que aparecen só varóns adultos. Argumenta a que grupos sociais pertencen.



Mesa electoral (1931); Fondo Villar, Arquivo Municipal da Coruña